



ACTA Nº 2022/1

Sesión Ordinaria do Pleno do Concello

Sala de sesións da Casa do Concello, venres 28 de xaneiro de 2022

No día de hoxe, ás 09:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno do Concello.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez.

ASISTEN:

PSOE:

D. Víctor Manuel Muíño Ramos.

D.^a María José Pose Pérez.

D. Miguel Angel Pérez Méndez.

D.^a Rosa Blanco Lema.

D. Mario Andujar Mouzo.

ADIANTE VIMIANZO:

D.^a Marta Rey Lema.

D. Eugenio Vidal Quintáns.

D.^a María Jesús Barbeira Pose.

D. Franciso Javier Trillo Pazos.

PP:

D.^a Raquel Rodríguez Amigo.

D. Franciaco M. Calzas Suárez.

AUSENCIAS:

D. Manuel Lorenzo Hermida, do grupo municipal Adiante Vimianzo.

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz.

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada.

Dna. Marta Rey Lema excusa a ausencia de D. Manuel Lorenzo Hermida por motivos persoais.



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2021.

2º. Ditame sobre modificación do horario e data da celebración das sesións plenarias de carácter ordinario.

B) Sección de control

3º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

4º. Mocións de urxencia.

5º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2021.

2º. Ditame sobre modificación do horario e data da celebración das sesións plenarias de carácter ordinario.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, celebrada o 25 de xaneiro de 2022 que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame sobre modificación do horario e data da celebración das sesións plenarias de carácter ordinario.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2022, que se transcribe literalmente:



“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Modificación do horario e data de celebración das sesións plenarias de carácter ordinario. Exp.2022/X999/000022.

A determinación do réxime de sesións do Pleno regúlase no artigo 78 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 41 do RDLex 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local, TRRL, limitándose o primeiro a sinalar que a periodicidade das sesións fixarase polo propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria que deberá convocar o Alcalde da corporación dentro do prazo de 30 días dende a sesión constitutiva e, o segundo, que os días das sesións ordinarias serán fixados pola corporación.

A asistencia ás sesións plenarias constitúe para os concelleiros un deber inexcusable de carácter público e persoal, tanto no artigo 37.3.d) do RDLex. 2/2015 de 23 de outubro polo que regula o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, como o artigo 30.2 da Lei 30/1984, de 2 de agosto 1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, permitelles ausentarse do traballo para cumprir con dito deber polo tempo indispensable para o desempeño do cargo, entendéndose como tal, según dispón o artigo 75.6 da LBRL, o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación ou das Comisións e atención ás delegacións de que forme parte.

Polo tanto, correspóndelle ao Pleno da Corporación a fixación da periodicidade das sesións mais non o horario que sería atribución da Alcaldía, se ben é razoable que se estableza por razóns de regularidade e previsión a efectos da organización do ámbito persoal de cada concelleiro. En todo caso, no pleno extraordinario celebrado o 8 de xullo de 2019 adoptouse acordo no que se fixaba sen motivación algunha o horario de celebración do Pleno ordinario ás 20:00.

Posteriormente por acordo adoptado na sesión plenaria de data 31 de xullo de 2020, modificouse provisionalmente o horario da celebración das sesións ordinarias do pleno do concello, establécendose a data e hora de celebración dos mesmos, o último venres de mes ás 09:00 h, pola situación coxuntural derivada da pandemia da COVID 19, que se ve retraída nas datas actuais dende o punto de vista de internamento hospitalario.

Tendo en conta que ditos acordos, non son inmutables xa que estamos ante a esfera autoorganizativa como potestade desta administración.

Así como o consensuado na reunión da xunta de voceiros dos grupos políticos municipais, celebrada o día 19 de xaneiro de 2022, no que se consensuou celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación o último luns de cada mes, ás 20:00 horas.

Visto o establecido no art. 46.1 da LBRL, nos arts 38 e 78 do ROF e correlativos da Lei 5/1997.



Visto canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión informativa de asuntos xerais:

PRIMEIRO.- Modificar a data e hora de celebración das sesións plenarias de carácter ordinario, pasando a celebrarse ás 20:00 horas do último luns de cada mes de conformidade co consensuado na xunta de voceiros.

Por razóns debidamente motivadas e previo consenso da Xunta de voceiros, poderase alterar sete días naturais a data da celebración sen incorrer en arbitrariedade ou desviación de poder.

SEGUNDO.- Este acordo comezará a producir efectos a partir do pleno ordinario do mes de marzo, que será o último luns do referido mes, ás 20:00 h.

TERCEIRO.- Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no taboleiro de edictos e no portal de transparencia.

O que asino, en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa entende que xa se poden facer os Plenos presenciais e traslada que foi obxecto de acordo na Xunta de Portavoces a partires de marzo.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

B) Sección de control

3º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 15-12-2021 con número 1204/2021 ata o día 25-01-2022 con número 67/2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

4º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

5º. Rogos e preguntas.



Dna. Marta Rey roga que se arranxe o problema das ratas nos sumidoiros en Baíñas e pregunta se as sinalizacións de lugares está rematada.

Tamén comenta que na Ponte de Piroga, as beirarrúas do lado dereito non quedaron ben e a ver que se pode facer.

A Alcaldesa solicita que lle indique concretamente que zona de Baíñas ten ratas para solucionalo, e en relación ás sinais de sinalización, contesta que non hai suficiente persoal para a súa colocación inmediata e o obxectivo é mellorar os recursos persoais co PEL.

En relación coa Piroga, traslada que está en permanente contacto e solicitou que na entrada da ponte, se fixera o corte de pavimentación en asfalto ata a tenda de zapatos e hormigonear ata entrada das pesqueiras.

Asímesmo, comenta que tanto en Baio como en Vimianzo se está en contacto para igualar as baldosas existentes e poñer todo a nivel habendo colaboración co Director da Obra. Por último dí que haberá que ver as luminarias da ponte e estudar o seu formato entre os dous concellos.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:22 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz